



RESTAURANTES

GALICIA DESTINO SEGURO

#SENTIDIÑO *Protexámonos a nós mesmos e aos que nos rodean*

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles á covid-19 e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio. Consulte co servizo de prevención ou co seu médico.



FEBRE OU CONTACTO CON PERSOAS INFECTADAS


Non ir traballar con febre (>37° C) ou **síntomas da covid-19** ou **se houbo contacto próximo** cunha persoa infectada.



DESPLAZAMENTO AO TRABALLO

Faranse **mellor de forma individual**. Escoller as opcións de mobilidade que garantan a máxima distancia posible. En caso de compartir vehículo deberanse ter **en conta as obrigas do uso de máscara**.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



NO SERVIZO

Establecer un **número máximo** de persoas ás que lles ofrecer o servizo de maneira segura. O persoal debe **utilizar máscara** cando non se poida respectar a distancia de seguridade de 2 metros e no momento que os alimentos estén listos para o consumo. Nos servizos con proximidade pode complementarse con outras medidas de barreira.



NORMAS DE USO DAS INSTALACIÓNS

Establecer normas de uso para os distintos **espazos compartidos**, **evitar sempre aglomeracións** e respectar as distancias entre persoas.



CONTROL DA CAPACIDADE MÁXIMA

Limitar a capacidade, organizar a **entrada e a saída** da clientela para dirixir o fluxo das persoas co fin de evitar o contacto. Respectar a distancia de seguridade durante a espera.



ORGANIZAR ESPAZOS

As persoas que ocupan a mesma mesa deberán **respectar a distancia** mínima de seguridade. Recoméndase que esta separación sexa de polo menos 1 metro entre as persoas.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o lavado frecuente das mans ou o uso de solución desinfectantes. Lavalas antes de poñer e logo de quitar as luvas.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Limpar e desinfectar o local e as superficies que se tocan **con máis frecuencia**. Limpar a **mesa e as cadeiras despois de cada servizo**. Lavar a **roupa de traballo e a mantelería** a unha temperatura >60° C, se non é posible, utilizar aditivos no lavado para desinfectar. Desinfectar o posto de traballo co **cambio de quenda**.



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo nun contedor con tapa, pedal e bolsa desbotable.



PRESTACIÓN DO SERVIZO

Evitar o uso de cartas e optar por dispositivos electrónicos, encerados, carteis ou outros. Os **manteis serán dun só uso**. Non compartir nunca manteis ou salvamanteis entre clientes. **Eliminar os produtos de autoservizo** e elementos decorativos.



PRODUTOS

Contar con **solucións desinfectantes** en sitios accesibles para uso da clientela. Dispoñer de produtos para a **hixiene de mans do persoal e para a limpeza e desinfección do local**.



EVITAR COMPARTIR

Non compartir equipos de traballo ou dispositivos doutro persoal de non ser posible, desinfectalos previamente. Desinfectar os obxectos de uso persoal.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



SOSPEITA DA COVID-19

Ter previsto como actuar no caso dunha persoa con sospeita. Contactar sempre co centro de saúde ou chamar ao teléfono 900 400 116.



CONTROL DE ACCESO

Fixar horarios para atender os provedores e establecer as pautas de seguridade para a recepción da mercadería.



SINALIZAR

Sinalizar o chan do local, das terrazas, da barra e onde se precise manter a distancia de seguridade.



MEDIOS ELECTRÓNICOS

Fomentar o uso de medios telemáticos para xestionar as reservas, a recepción de albarás e a emisión de facturas. Utilizar o **pago con tarxeta ou móbil** sempre que sexa posible.

